



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA SOBRE A AMPLIACIÓN DE PRAZAS DO CURSO “FC11034 ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA SOBRE IDENTIFICACIÓN ANIMAL, MOVEMENTO PECUARIO E INTERCAMBIOS INTRACOMUNITARIOS”.

ANTECEDENTES:

1.- Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG N° 247 do 27 de decembro de 2010).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG N° 247 do 27 de decembro de 2010), na súa base novena, apartado a) A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e a xestión dos cursos, e pode suprimir algún, ampliar novas edicións da programación ou programar outros cursos diferentes cando así veña esixido por circunstancias que lle afecten a súa organización ou docencia. Así mesmo corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

A vista do elevado número de solicitudes presentadas para acceder ao curso FC11034” Actualización da normativa sobre identificación animal, movemento pecuario e intercambios intracomunitarios a celebrar en Santiago de Compostela os días 1 ao 30 de abril; 3 ao 31 de maio e 1 a 30 de xuño do ano 2011.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Ampliar o número de prazas de 30 a 40 do curso FC11034” Actualización da normativa sobre identificación animal, movemento pecuario e intercambios intracomunitarios a celebrar en Santiago de Compostela os días 1 ao 30 de abril; 3 ao 31 de maio e 1 a 30 de xuño do ano 2011.

2. Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2011

O director

Pablo Figueroa Dorrego